

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Cariño (expediente IN407A 2026/203-1 ).

Expediente: IN407A 2026/203-1

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad S.A.

Denominación: "Soterramiento cruzamientos LMT MEA805-MEA806 (Cariño)"

Termo municipal: Cariño

#### 1. Características técnicas:

Desmantelamento de 235 m de LMTA MEA806 en condutor LA-110 (expte. 480/01) entre o apoio B7BRCBGF//39 (expte. IN407A 2020/113) e o apoio nº 1 proxectado tipo C-14/4500, retensando o van existente.

Desmantelamento de 557 m de LMTA MEA805 en condutor LAC-80 entre o apoio nº 2 proxectado tipo C-12/3000 e o apoio nº 3 proxectado tipo C-14/3000, retensando vans existentes.

Desmantelamento de 131 m de LMTA MEA805 en condutor PAS-120 entre o apoio nº 4 proxectado tipo C-16/4500 (que substitúe o apoio B7SHBCLD//48 existente) e o apoio nº 5 proxectado tipo C-18/7000 (que substitúe o apoio B7RBMUXM//49 existente), retensando vans existentes.

Tramo de LMT soterrada de 408 m en condutor RHZ1-240 entre o PAS proxectado en apoio proxectado nº 1 tipo C-14/4500 e empalme proxectado para enlace con LMTS (expte. IN407A 2020/113).

Tramo de LMT soterrada de 1.097 m de condutor RHZ1-240 entre os PAS por instalar nos apoios proxectados nº 2 (tipo C-12/3000) e nº 3 (tipo C-14/3000).

Tramo de LMT soterrada de 176 m de condutor RHZ1-240 entre os PAS por instalar nos apoios proxectados nº 4 (tipo C-16/4500) e nº 5 (tipo C-18/7000).





## 2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as





alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,  
Isidoro Martínez Arca  
Director territorial





ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Cariño

| Nº parcela | Paraxe<br>Referencia catastral          | Cultivo         | Titular                                          | Afección de solo en pleno dominio |                | Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica |        |                   |                    |
|------------|-----------------------------------------|-----------------|--------------------------------------------------|-----------------------------------|----------------|-------------------------------------------------------------|--------|-------------------|--------------------|
|            |                                         |                 |                                                  | Apoio nº                          | m <sup>2</sup> | ml aé                                                       | ml sot | m <sup>2</sup> aé | m <sup>2</sup> sot |
| 1          | Amidos<br>15095A016011230000OS          | Rústico Agrario | Descoñecido                                      | PR-1                              | 2.0            |                                                             | 2.5    |                   | 7.5                |
| 2          | Leiras<br>9487521NJ8398N0001RY          | Urbana          | Raul Veiga Bellon<br>Francisco José Veiga Bellón | PR-2                              | 2.0            |                                                             | 0.5    |                   | 1.5                |
| 3          | Coba<br>15095A016004930000OM            | Rústico Agrario | Paco de Viveiro S.L                              | PR-3                              | 2.0            |                                                             | 3.66   |                   | 10.57              |
| 5          | Cruz de Cabañan<br>15095A016003120000OS | Rústico Agrario | Descoñecido                                      | PR-5                              | 2.0            |                                                             | 5.87   |                   | 17.53              |

Abreviacións:

ml aé: lonxitude da servidume aérea en metros lineais

m<sup>2</sup> aé: superficie de servidume aérea en m<sup>2</sup>

ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais

m<sup>2</sup> sot: superficie de servidume soterrada

